

A estrea na Galiza de *Os vellos non deben de namorarse*

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

A estrea na Galiza (Santiago e A Coruña) da única obra teatral de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*, no verán de 1961, vinte anos despois despois da súa estrea americana, coas expectativas e críticas que suscitou.

Abstract

The premiere in Galicia (Santiago and Corunna) of the only play by Castelao, «Old People Shouldn't Fall in Love», in the summer of 1961, twenty years after its American debut, and the expectations and criticism that it provoked.

A obra

Os vellos non deben de namorarse está considerada a obra teatral máis simbólica da literatura galega e, sen dúbida, a máis representada e a máis editada ao longo do tempo.

Manuel María decía en 1970 que a obra de Castelao «está aceptada unánimemente como la máxima obra teatral gallega de todos los tiempos, juicio que compartimos de lleno.»¹

Carballo Calero nunha conferencia en 1983 opinaba que se trataba dunha «obra importante do noso teatro». A que o profesor e crítico ferrolán trataba de «traxicomedia» viña ser «se cadra a máis representada das que se escribiron para as nosas táboas» e «que continúa sendo das máis interesantes, das máis singulares dentro da nosa literatura dramática.»² Carballo (que aínda non asinaba Carvalho) era coñecedor dende mozo da parte que o autor rianxeiro xa tiña escrito antes da guerra civil co título de *Pimpinela* e que tamén coñecían moitos galeguistas da época, malia que non chegase a ser publicada nin representada daquela.

A obra, que o autor calificou de «Farsa en tres actos con un prólogo e un epílogo» e da que di «é unha obra maxinada por un pintor e non por un literato», ficou constituída por tres lances simétricos, cun vello e unha moza como principais protagonistas en cada un deles. Tres vellos (o boticario Saturio, o fidalgo don Ramón e o vinculeiro Señor Fuco) que se namoran de tres mozas (Lela, Micaela e Pimpinela) e rematan morrendo. Hai sempre un mozo como antagonista do vello (o carabineiro, o portugués e o mozo) e a Morte que remata triunfando. Outros personaxes secundarios son as irmás do boticario, os pais de don Ramón, os pais de Pimpinela e diversas mulleres. No epílogo o autor reúne aos tres vellos

* **Xesús Torres Regueiro** é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo *Anuario Brigantino*.

(Utilizamos neste traballo a forma Galiza como nome do país, seguindo fundamentalmente o maxisterio do autor de *Sempre en Galiza* Alfonso Daniel R. Castelao, a quen homenaxeamos nesta lembranza)

1. Manuel María: «Noticia del teatro gallego», *Primer Acto*, nº 120, 1970. Este número está dedicado á obra teatral de Castelao, reproducindo varios estudos e a versión castelá da farsa realizada polo propio Manuel María.

2. Carballo Calero, R.: «Sobre os vellos non deben de namorarse». *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 33. A Coruña, febreiro 1983.

mortos no cemiterio (unha escea que lembra o seu relato *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto*) para que eles mesmos conten o propósito da farsa, que ven así xustificar o título da obra. Título que se ten cuestionado por algúns, dende os que apuntan que lle sobra o «de», ate os que opinan, caso do citado Carballo Calero, que ese título obedece en realidade a un epílogo que está de máis e diminúe a forza duns lances que «máis ben deberían levar como título *Os vellos namoranse*».³



Castelao en Buenos Aires, retocando las caretas de su obra teatral "Os vellos non deben de namorarse".

Apenas tres páxinas das máis de seiscentas da súa voluminosa

biografía sobre Castelao lle dedica Paz Andrade á obra teatral do rianxeiro. Fala da «prehistoria» da obra, das ideas de Castelao arredor dun teatro galego de arte, do seu coñecemento do teatro ruso, as conversas con Otero Pedrayo (este escribiría 16 pezas recollidas en *Teatro de máscaras*) e unha primeira redacción en Pontevedra do que logo sería o terceiro acto, baixo o título de *Pimpinela*.

A estrea mundial celebrouse o 14 de agosto de 1941 no teatro Mayo da capital arxentina e permaneceu en cartel oito días, os catro primeiros con aforo cheo. Di Paz Andrade: «Aínda redactada en galego, foi ben acollida pola crítica porteña. Sen dúbida pol-os valores escenicos. Os idiomáticos, que son de esgrevia xerarquía, non deberon deixarse apreciar aos ouvidos non iniciados, por cultos que foran.»⁴

O elenco de actores estaba composto por emigrantes galegos formados teatralmente na emigración. Afeccionados na súa maioría. Fernando Iglesias «Tacholas» desempeñou os principais papeis de home, mentres que outros foron desempeñados por Antonio Cubelas, Enrique González e Luis Lugo. Os femininos por Maruxa Villanueva e Maruxa Boga. Este mesmo cadro dramático estrearía despois a obra en Montevideo. No Teatro Solís. Con todo, foi «un espectáculo que, contra toda previsión, non triunfou entre a colonia. Ninguén era culpable...»⁵

Tiveron que pasar vinte anos dende aquela estrea arxentina para que a obra poidese ser estreada na Galiza. Como di Paz Andrade: «Ate o 1961 non se conseguíu que se representara en Galiza. Foi montada ao ar libre, na Quintana, en Sant-Iago, a noite do 25 de xulio.» A estrea foi todo un acontecemento, e non só artístico.

E ao mes seguinte, o 14 de agosto, o mesmo día da estrea arxentina vinte anos antes, sería representada na Coruña, noutro acontecemento que excedeu tamén o puramente artístico. E as dúas representacións únicas realizáronse, curiosamente, ao aire libre.

3. Carballo Calero, R.: *Historia da literatura galega contemporánea.*, Edt. Galaxia, Vigo, 1981. 3ª ed. páx 659-662

4. Paz Andrade, V.: *Castelao na luz e na sombra.* Edicións do Castro, Sada, 1982, páx. 459

5. «A Compañía Galega Maruxa Villanueva». *Cuadernos da Escola Dramática Galega*, nº 4. A Coruña, febreiro 1975.)

A ESTREA COMPOSTELÁ

Os prolegómenos

A obra, que formaba parte do programa oficial de festas do Apóstolo, estaba anunciada para as once da noite do martes 25 de xullo na Praza da Quintana a cargo do grupo de teatro da coral «Cantigas e agarimos». No programa oficial o autor da obra aparecía sen ocultamentos, como Alfonso Daniel R. Castelao.

A estrea da obra na Galiza tivo un carácter de clara manifestación galeguista. Transcorridos vinte e cinco anos dende o comezo da guerra civil e da represión conseguinte, o galeguismo tentaba recuperarse sequera no plano cultural. Creárase a editorial Galaxia en 1950 que procuraba retomar -non sen dificultades- a lingua galega para a creación e o pensamento. En 1957, pola Pascua, inaugurábase en Padrón o monumento a Rosalía (de quen non se puidera celebrar o centenario do nacemento vinte

anos antes en plena guerra) doado polos emigrantes do Uruguai no paseo do Espolón. E na Pascua do ano seguinte Cabanillas era coroado diante del como «poeta da Raza» no medio de discursos afervoados. Ambos acontecementos foron seguidos por unha moitedume.

Xorde unha nova xeración de mozos universitarios (Beiras, Franco Grande, Méndez Ferrín...) que se vencella ao galeguismo fundamentalmente a través da xente de Galaxia. E ademais, coa colaboración dalgúns destes mozos universitarios vanse crear dous partidos nacionalistas pouco despois: o Partido Socialista Galego, en 1963, e a Unión do Pobo Galego, en 1964. E no mesmo 1961 créase en Santiago a Asociación Cultural O Galo, inicio dun movemento cultural asociativo que se vai espallar nos anos seguintes por todo o país.

Neste contexto cómpre situar a estrea galega da obra de Castelao, concebida como unha homenaxe á súa figura de grande artista e líder do galeguismo, e que despois da súa morte en 1950 seguía exercendo grande influencia a través da súa vida e entrega e da súa obra, especialmente do *Sempre en Galiza* que era lido baixo corda por moitos daqueles mozos estudantes. Precisamente en 1961 publicouse en Buenos Aires a segunda edición do *Sempre en Galiza* de Castelao en pequeno formato, que permite unha mellor introducción dos exemplares que van chegando clandestinamente. De todo o país galego desprazáronse a Compostela moitas persoas, máis ou menos simpatizantes co galeguismo, para presenciar unha obra que se presentaba como algo máis que un acontecemento

Actos principales del Programa de Fiestas del Apóstol Santiago

MAÑANA: Nueve y media: comienzan los actos de la OFRENDA NACIONAL.
En Santa Susana: tradicional FERIA DE GANADOS.
Cinco y media tarde: tradicional MISA POR ROBALIA.
Once noche: en la Quintana.

Os vellos non deben de namorarse
de Alfonso Daniel R. CASTELAO
por el grupo de teatro de la coral "Cantigas e agarimos"
FOLLÓN EN LA HERRADURA
En esta día, en la Ciudad Deportiva del Aero Club, finales del XXII campeonato de Galicia de Tenis.

MIERCOLES, 26:
Seis tarde: Campeonato natación en la piscina del Aero-Club.
Once noche: en la Quintana.

Encuentros de Baloncesto
Equipos: Fomento MEDINA (Campeon de España), Selección Nacional Juvenil y Selección Gallega.

JUEVES, 27:
Día del Campo
Organizado por la Cámara de Comercio e Industria de Santiago. Numerosos actos en homenaje y agradecimiento a los campesinos de la Comarca.
Seis tarde: En la Ciudad Deportiva del Aero-Club TIRO AL PLATO Y PICHÓN.
ONCE NOCHE: EN FLANDES SE HA PUESTO EL SOL, de Eduardo Marquina, por la Compañía LOPE DE VEGA, en la Quintana.

VIERNES, 28:
Ocho tarde: en el patio de San Clemente, concierto del Coro
Cantigas da Terra
Once noche:
El Hospital de los locos
Auto Sacramental de Valdivieso por el Teatro de Cámara DITEA

SABADO, 29:
Once noche: Gran JIMKANA MOTORISTA, en la Quintana.
Follón en la Herradura

DOMINGO, 30:
Seis tarde: en Santa Isabel:
Gran Jimkana Automovilista Internacional
11 de la noche, en la Quintana, gran final de la Campaña de Caridad,
"HOY AQUÍ MAÑANA ALLÍ"

LUNES, 31:
Tarde: en la Quintana
Extraordinario festival infantil
Diez y media noche:
Tradicional Sesión de Fuegos de Artificio

cultural aos ollos de calquera non aliñado co réxime franquista. Tampouco fallaron as irmáns do autor, que acodiron dende Rianxo, de onde apenas saían.

O domingo 16 de xullo o diario santiagués *El Correo Gallego* publicaba unha entrevista de Jesús Rey Alvite con «Los viejos de 'Os vellos non deben de namorarse'», realizada despois dun ensaio da obra. Eran eles o mozo universitario Ezequiel Méndez, que interpretaba a don Saturio o boticario, o mozo debutante José Noya, «que hace unha verdadera creación» de don Ramonciño, e Gabriel Barreiro que facía de señor Fuco e era o máis veterano dos tres.

O día 22 *La Noche*, xornal compostelán da tarde, anunciaba a reprodución dunha serie de catro «Nebulosas» de «nuestro ilustre colaborador» Manuel Rabanal que xa foran publicadas oito anos antes (a finais de novembro de 1953) no diario compostelán a raíz da publicación pola editorial Galaxia da obra teatral de Castelao e que, segundo dicían, cobraban extraordinaria actualidade en vésperas da estrea.

Os artigos de Rabanal eran os seguintes: «O vellos non deben de namorarse», «Estructura simétrica de 'Os vellos non deben de namorarse'» e «Escatoloxía de 'Os vellos non deben de namorarse'», reproducidos os días 22, 24 e 25 de xullo, respectivamente. Foron tres e non catro como se anunciaba.⁶

Tamén uns días despois publicaría *La Noche* un artigo póstumo de Aquilino Iglesia Alvariño, que viña de morrer o día 29 de xullo, en dúas entregas aparecidas o día 31 de xullo e o 1 de xullo: «Os vellos non deben de namorarse. Primera lectura» e «Os vellos non deben de namorarse. Segunda lectura». Na primeira, lembra como o propio Castelao lle fixera unha lectura na súa casa de Pontevedra en 1935 de *Pimpinela*, unha peza entón autónoma que logo pasaría a integrar o lance terceiro da obra. Aquilino, falecido con 52 anos, viña de publicar dous poemarios ese ano: *Lanza de soedá* e *Nenias*.

O grupo de teatro de «Cantigas e Agarimos»

Cantigas e Agarimos era unha veterana agrupación coral que se creara en Santiago en 1920, presidida polo catedrático de Dereito Salvador Cabeza de León, betanceiro de nacemento, e dirixida por Bernardo del Río.

Xa tiña representado a zarzuela *A leenda de Montelongo*, de M. Rei Posse e J. Buhigas e música do propio director Del Río, e participado na parte coral do drama de Manuel Vidal Rodríguez *La reina Lupa*. Mesmo participan na película *La casa de la Troya*, rodada en parte en Compostela en 1925.

Tras a guerra civil viuse obrigada a integrarse na «Obra Social de Educación y Descanso» do réxime franquista. Entre 1953 e 1969, baixo a presidencia de don Juan Gil Armada, Marqués de Figueroa, e a dirección artística de Francisco Rodríguez, recupera o seu nome e independencia.

A representación de «Os vellos...» en 1961 levouse a cabo baixo a dirección artística de Rodolfo López Veiga, con arranxos musicais de Rosendo Mato, que era o director do coro.

6. Manuel Rabanal Álvarez (León, 1914) era catedrático de Grego na Universidade de Santiago de Compostela. Colaboraba en *La Noche* e tamén o fixo noutros xornais como os madrileños *ABC* e *Ya*. Foi membro correspondente da Real Academia Galega e da Real Academia Española. Publicou varios libros, entre eles o que recolle os seus artigos en *La Noche: Nebulosas y otros escritos* (1992).

Ese mesmo ano escenificárona tamén nas festas de Vilagarcía no mes de agosto e nas de San Froilán en Lugo, no outono, segundo a cronoloxía da propia web da entidade.⁷ Dous anos despois, en 1963, voltarían a representar a obra de Castelao en Santiago (en San Domingos de Bonaval) e en Santa Uxía de Ribeira. Ao ano seguinte poñerían en escea en Padrón, co gallo da entrega do Pedrón de Ouro ao poeta Faustino Rey Romero.

Cantigas e Agarimos «foi ascaso o primeiro teatro galego que se ollaba na Galicia de posguerra con certa continuidade. Sábese, certamente, de representacións anteriores ás de Cantigas e Agarimos (...) Pero pode decirse que, polo menos astra o 65, cando nace o Grupo Teatral O Facho, na Coruña, só Cantigas e Agarimos levou unha laboura continuada.»⁸



LOPEZ VEIGA

O director Rodolfo López Veiga

Rodolfo López Veiga naceu na Habana en 1923, fillo de pais galegos, regresando de neno a Galiza coa familia e fixando a residencia en Santiago. Na cidade compostelá cursa a carreira de Dereito, establecendo contacto co teatro universitario e dirixindo o Teatro Español Universitario (TEU) de Santiago. Rematará dedicándose ao comercio cun negocio na compostelá praza de Cervantes. Formaba parte do cadro de actores da emisora EAJ4 de Santiago nos anos corenta. Segundo Fernández del Riego é «autor de *Canto para un poeta melancólico*, e de *Un home chamado Castelao*. Fixo tamén versións á nosa lingua de diversas pezas teatrais».⁹

A partir de 1959 Cantigas e Agarimos vai contar cun grupo permanente de teatro, dirixido por López Veiga, que vai levar ao escenario a obra de Castelao, ademais doutras obras de autores galegos como Xesús San Luis Romero, Xenaro Mariñas ou Álvaro Cunqueiro, así como a versión galega da *Antígona* de Jean Anouilh, traducida por Xosé Manuel Beiras e Xosé Luis Franco Grande. A sección teatral manterase até mediados da década dos setenta, poñendo un alicerce fundamental no teatro en galego contemporáneo.

López Veiga faleceu en Santiago en 1999. Lamentábelmente hoxe a súa memoria atópase moi esquecida e o seu traballo no eido do teatro galego pouco coñecido e valorado.

Os actores composteláns

Coñecemos polas reseñas e informacións previas da prensa compostelá unicamente os nomes dalgúns actores. Así, as personaxes principais dos tres vellos eran interpretadas por Ezequiel Méndez (Don Saturio), José Noya (Don Ramón) e Gabriel Barreiro (Señor Fuco).

7. <<http://www.cantigaseagarimos.es/>>. [8 de marzo de 2011].

8. Lourenzo, M. e Pillado Mayor, F.: *O teatro galego*. Edicións do Castro, 1979, páx 136-137.

9. Fernández del Riego, F.: *Diccionario de escritores en lingua galega*. Edicións do Castro, 2ª ed., 1992.

Jesús Rey Alvite entrevistáboas en *El Correo Gallego* do día 16 como xa dixemos. Ezequiel Méndez, mozo universitario, é presentado polo entrevistador como actor vocacional, crítico de cine e colaborador de *La Noche*. José Noya, mozo debutante, a quen insiste en chufar («hace una genial interpretación de don Ramonciño»), debía traballar no comercio a xulgar por unha pregunta que lle fai («Que es más difícil, trastear a un cliente o la labor de ensayo?»). O veterano Barreiro, que levaba máis de vinte anos de corista e tamén tiña longa experiencia como apuntador, era pai de oito fillos.

Unha das actrices aparece citada no mesmo xornal nunha demoledora crítica de A.B.S., quen só destaca «—por haber puesto algo más que buena voluntad—» a Pili Silvela, así como ao neno Manolito Silvela, «muy gracioso y natural en su breve papel».

Ezequiel Méndez, o único supervivente dos tres vellos, foi entrevistado nunha reportaxe que Diana Mandiá publicou no diario *El País* o 11 de febreiro de 2011:

Sempre digo que foi Día da Patria Galega avant la lettre.[...] A expectación creada foi máxima Non tanto polo reclamo da troupe de Cantigas –eramos afeccionados, iso si, cunha paixón teatral inmensa- como polo regreso de Castelao a Galicia. Foi unha homenaxe a Castelao, un consciente acto de afirmación galeguista en tempos moi difíciles.

Nesta reportaxe dase a cifra de 7.000 persoas asistentes á representación, quizais por información do propio Méndez. Antes, en 1970, Manuel María (remitimos á nota 1) decía que esta estrea constituira «tal vez el espectáculo teatral más importante que se produjo en Galicia en todos los tiempos. A esta representación asistieron más de quince mil espectadores.» Cifra esta que coidamos algo esaxerada, semellándonos máis acertada a primeira.

Outros datos de interese que nos ofrece a reportaxe citada son que o Sindicato do Espectáculo de Falange só autorizou a representación da obra o día 22 de xullo, tres días antes da estrea, e que Ánxel Morón, profesor da Escola de Artes e Oficios compostelá, foi o autor dos decorados, das carautas dos personaxes e dos vestidos reflectantes dos esqueletes usados polos vellos no epílogo.

A crítica

Mentres que *El Correo Gallego* titulou cun anodino «Estreno de ‘Os vellos non deben de namorarse’», *La Noche* amosábase máis entusiasta con «La Quintana registró un lleno en la presentación de ‘Os vellos non deben de namorarse’». O curioso é que a crónica que publicaron os dous o día 26 era exactamente a mesma, asinada por A.B.S. con pequenas variacións e matizacións que non afectaban ás valoracións críticas.

O crítico recoñecía que existía moito interese por presenciar nas táboas a farsa de Castelao e que A Quintana rexistrara «un lleno absoluto». Mais axiña pasa A.B.S. a facer unha dura crítica da representación:

Preferimos el teatro visto al leído, pero en ‘Os vellos non deben de namorarse’ nos quedamos con el libro y huímos de la representación: al menos de tal como se montó anoche la célebre farsa, interpretada por un naciente grupo de actores, a los que no se podía pedir otra cosa.

Semella que os tiros van contra o director, xa que dos actores descúlpase a súa inexperiencia. Xustifica o crítico o apuro da redación da crónica, recién saído da estrea, sen tempo: «Pero, eso sí, profundamente impresionados por la evidente falta de calidad artística observada en la representación.»

Crítica a falla de fidelidade cun «texto tan logrado, frases tan ingeniosas y la estilización depurada de una lengua...», xa que pese á boa vontade dos actores, era evidente que a fonética destes «está necesitada de muchos ensayos» e que non podía pretenderse ofrecer unha obra de tal dificultade nun mes ou dous, pois era cuestión de «más tiempo... y tiento».

Criticaba ademais «la falta de unidad y cohesión en casi todos los cuadros, perdiéndose con ello la ilación; la irregularidad en la luminotecnia; abultados defectos de montaje -sobre todo los descarados movimientos de tramoya, efectuados ante el público-, aplicaciones musicales inoportunas, etcétera...»

Con todo, o público que abarrotaba A Quintana aguantou estoicamente. E non só aguantou senón que «aplaudí al final de cada acto y una vez terminada la representación, en homenaje al autor y a la voluntad de los intérpretes.» E todo, pese a que ao comezo do terceiro cadro «una nube de verano descargó unos gruesos goterones» que non foron abondo para espantalo ou suspender a representación, tal como desexaría e se atreveu a escribir, rematando a súa crónica, A.B.S.: «No pasó de ahí la cosa... aunque quizás hubiera sido mejor un chaparrón a tiempo.»

Na crónica de *La Noche*, A.B.S. suprimiu o malintencionado párrafo final e a alusión meteorolóxica, trocándoo por outro máis conciliador:

Hemos de aplaudir también nosotros el esforzado empeño de la entidad coral 'Cantigas e Agarimos', del director de escena Rodolfo López Veiga y de cuantos intervinieron en la representación de Os vellos non deben de namorarse. Quizá haya sido excesiva ambición el montaje de obra tan difícil. Pero inicia un camino, que ha de proseguirse cada vez con mejores medios y experiencia. Lo peor que podría ocurrir sería el desánimo de personas que tantos sacrificios vienen haciendo por el arte gallego.

Non sería polos ánimos que o crítico daba!

Un par de días despois, o venres 28, *El Correo Gallego* recollía baixo o título «Polémica teatral. Algo más que buena voluntad» a opinión de Juan de la Calle, evidente pseudónimo, contrariando as opinións e comentarios «de nuestro joven amigo A.B.S.»:

Porque se da el caso singular de que en los defectos apuntados por la sigla A.B.S., estriban, precisamente, los más afortunados momentos de la interpretación. Y con este criterio nuestro coinciden, podemos asegurarlo, infinidad de opiniones, mucho más autorizadas que la nuestra y la de A.B.S., quien, sin duda también, a estas horas, habrá cambiado un poco de modo de pensar, liberado de la influencia perniciosa de prejuicios que sorprendieron su buena voluntad en los primeros momentos, como lo demuestra el hecho de haberse suprimido por la tarde, en la edición de «La Noche», el «chaparrón» de la mañana en EL CORREO GALLEGO. También aquí, como la otra noche en la Quintana, ha quedado demostrado que las nubes de «verano» poco mojan. Negar que hubo defectos en el montaje de «Os vellos...», sería caer en el mismo vicio de una autenticidad que quien sólo supo ponderarlos en exceso y ver únicamente «buena voluntad de la agrupación», «voluntad de los intérpretes», «algo más que buena voluntad» en alguno –en dos– de los numerosos actores demasiada reiteración para ser considerada seriamente. Pero asegurar que difícilmente ningún otro cuadro escénico de aficionados pueda superar en conjunto la versión dada por «Cantigas e Agarimos» es decir lisa y llanamente la verdad, sin literatura, sin calor y sin «chaparrones».

Tamén en *La Noche*, o mesmo día 28, Manuel Rabanal dedicaba unha «Nebulosa» das súas a «Puntualizaciones», poñendo en entredito as críticas de A.B.S., ao tempo que nos aclara que boa parte do público non puido escoitar a obra, por culpa da megafonía!, que non funcionou como se agardaba. Rabanal desculpa ao director, aos actores e ao coro, que segundo el fixeron ben o seu labor, e considera que a obra debería ser repostada nun teatro:

... ni fue tan malo como han repetido, con A.B.S., muchos descontentos no analíticos, el estreno entusiasta de «Os vellos...»

Cierto que «Os vellos...» no fueron oídos –por culpa de las máquinas, que no de los hombres-, y que, con haber quedado [palabra ilexíbel] en muchas zonas de sus lances se perdió para la mayoría no lectora la clara lengua y la clásica literatura dramática de Castela.

Pero fueron vistos y muy bien vistos, en todo lo mucho que tienen de plástico, de gran caricatura, de colosal pantomima, de cartel popular y de sátira en cromos de brocha gorda.

Claro que esto no es todo. Pero no es poco. Rodolfo L. Veiga, traicionado por los elementos, presentó, movió la escena, dictó el gesto, vistió a sus personajes, impuso entonaciones y mímicas con un acierto que ni el propio autor se atrevería a menospreciar.

Un ejemplo arquetípico. No creo que las mujeres de Palmeira, o de Brión –donde he asistido a «prantos» auténticos- cumplieran mejor con sus papeles de plañideras que las cuatro hermanas del «Boticario». Aquello fue un «pranto» de cuerpo entero. ¡Qué maravilla de caricatura en la voz! ¡Ah! Pero no se les entendió una palabra. Y buena pena que es. Porque entonces la actuación hubiera hecho ponerse de pie a la concentración humana más imponente de cuantas recuerdo en la Quintana dos Mortos.

Y a propósito de «concentración humana más imponente»: ¿No será tanta humanidad escuchante –pregunto a los técnicos- la que habrá robado la voz a los altavoces como una esponja o un secante?

Y sigo preguntando: ¿No merecería la pena que Os vellos...» fuesen repuestos, por probar, en un teatro cerrado, para una minoría, donde se oyese lo que sólo se vio, y donde se le diese a López Veiga la justa ocasión de sacarse la espina?

E senón en teatro cerrado, López Veiga tería ocasión tres meses despois (aínda que en agosto representouna en Vilagarcía) de voltar a representar a obra. Foi en Lugo, no marco das festas de San Froilán. Así se expresaba Xesús Alonso Montero, facendo unha recapitulación do feito teatral galego «Desde Lugo» na revista *Primer Acto*:

En octubre de 1961 Rodolfo López Veiga –el hombre que más ha hecho por nuestro teatro en estos quince años- pone en escena «Os vellos». Escenario: Plaza de Santa María. Como acto de comunión teatral gallega fue el de más relieve en estos treinta y cuatro años lucenses.¹⁰

A ESTREA CORUÑESA

Os prolegómenos

Habería algún outro cadro escénico de afeccionados que poidera superar a versión de Cantigas e Agarimos e do seu director López Veiga? Dificil empresa era esa, aseguraba Juan de la Calle na súa réplica citada. Mais a cousa fa ter resposta e constatación poucos días despois.

10. Xesús Alonso Montero: «Desde Lugo». *Primer Acto*, nº 120, Madrid, maio 1970, páx 32.

Na Coruña, o grupo de teatro da Asociación Cultural Iberoamericana (A.C.I.), dirixido por Antonio Naveyra viña ensaiando dende había tempo a súa versión e montaxe da obra de Castelao. De seguro, a representación da agrupación compostelá foi seguida con especial atención polos coruñeses e o director Naveyra tomaría boa nota, tanto dela como das críticas que colleitou. Influirían en Naveyra as disposicións que López Veiga adoptou na súa montaxe? Polo menos tería boa conta dos erros cometidos polo compostelán.

Tanto en Santiago como na Coruña as representacións foron ao aire libre. Na praza da Quintana e na desaparecida Praza de Touros coruñesa. Quizá se buscaba unha grande afluencia de público. As datas escollidas así o indican: o 25 de Xullo, festa maior en Compostela, Día de Galiza agochado e non permitido; e as festas coruñesas de agosto, no marco dos «Festivales de España». Mais

se en Compostela era día festivo por antonomasia, na Coruña, en cambio, era un luns. Un luns no que, no eido cultural daba tamén comezo na cidade coruñesa a Asemblea Galaico-Portuguesa con actividades literarias e folclóricas. As irmás de Castelao, Xosefina e Tareixa, reacias a sairen do seu Rianxo, estiveron presentes na Coruña, como xa estiveran na estrea compostelá.

A praza de touros coruñesa (que non tardaría moito en ser derrubada) non era dende logo o mellor escenario para a posta en escea dunha obra teatral desas características. Mais era o escenario com máis aforo do momento, facendo salvedade do estadio de Riazor.


Creárase unha certa expectación, alomenos nos medios de comunicación coruñeses, en torno á representación que se ía celebrar na Coruña no marco das súas festas grandes.

O domingo 13, véspera da representación, os dous diarios coruñeses, *El Ideal Gallego* e *La Voz de Galicia*, publicaban ao mesmo tempo (hoxe sería improbable tal cousa) unha colaboración do doutor García-Sabell «Ante la representación de 'Os vellos non deben de namorarse' como «Antecrítica». Pese ao título, a colaboración publicouse en galego. E este texto é o mesmo que figura reproducido no programa de man da obra. Domingo García-Sabell (Santiago, 1909 - A Coruña, 2003), médico e ensaísta, era neste tempo unha das personalidades intelectuais máis destacadas do galeguismo cultural vencelladas á editorial Galaxia, da que foi presidente.

Tamén a sección «Pluma de medianoche» que mantiña o andaluz Luis Caparrós en *La Voz de Galicia*, dedica o mesmo domingo un apartado á estrea coruñesa¹¹:



11. Luis Caparrós (Sevilla, 1923 – A Coruña, 1983) residiu en Galiza dende 1947. Foi xefe de prensa e relacións públicas de Fenosa e mantiña diariamente a sección «Pluma de medianoche» en *La Voz de Galicia*. É autor de algunhas obras teatrais en español que foran representadas tamén pola A.C.I.: *A las doce en punto*, *El hombre roto*.



Nesta páxina e nas seguintes, programa (asinado por varios actores), xentileza da filla de «Carlines», Maruxa Seijo Fernández

Y Castelao creo que merece ser auténticamente popular, como ya lo es, por ejemplo, Lorca.

Era popular Lorca en 1961? Non resulta crible se temos en conta que as súas obras completas, edición non precisamente popular, non se publicaron en España ate o ano 1954. Tratábase unicamente dunha comparación simbólica entre dúas vítimas da guerra civil: un morto no exilio e outro asasinado na súa terra. Caparrós mete presión co público e a súa posible reacción. Presión para o director Naveyra e presión para os actores.

O mesmo día, luns 14, a *Hoja del Lunes* coruñesa anunciaba nun anónimo e entusiasta solto a representación da obra como «un verdadeiro acontecemento artístico» que contaba con «un montaje excelente, según nos hemos podido informar y con un cuadro de intérpretes de gran categoría.» Existía, segundo o cronista, moito interese por presenciar a estrea e agardaba un cheo da Praza de touros «pues el teatro gallego, como ocurrió el pasado año con la magnífica versión del 'Don Hamlet' cunqueiriano, interesa cada vez más.» E remataba cun desexo: «Esperamos que las huestes de Antonio Naveyra vuelvan a triunfar plenamente como lo hicieron el pasado año».

E noutra sección do mesmo semanario, «Ecos de Galicia», Jorge Víctor Sueiro tamén se refería ao acontecemento e á expectación que espertara:

Han contribuído a ella el que la obra se pusiese antes en Santiago, e incluso en Villagarcía, a cuyos tablados subió ayer, por la misma agrupación que la presentó en Compostela. Y este afán de ver qué ha hecho Naveyra con «Os vellos» nace del, al parecer infeliz resultado del intento santiagués. Las cosas quedarán aclaradas en esta madrugada del lunes. Y no

NOVA

Velequí uns monifates pra facer rir: tres vellotes namorriqueiros e tres rapazolas ben dispostas. Entre eles unbas paixóns alporizadas: amor e cobiza, vicio e ambición. O demáis, as xentes de varias castes que andan entremedías, fan de coro cas suas andrómenas, trécolas e retesías. Cando se erga o pano escomezaredes cas risadas. Cando o pano caia as risadas seguirán.

Pensaredes entón que o autor, Castelao de Galicia, era home de humor probado. E de certo que o era. Pro cavilade un pouco. ¿E que non hai ren máis nista farsa galega? Cecáis os monicreques garden no seu corpo de palla un grave segredo, un 'enigma de dramático alcance. O que os vellotes pescudan co seu namoramento é unha nova mocidade. E ca nova mocidade a vida imperecedeira no tempo que mata. Os vellotes ó se enamorare cóidanse inmorrentes. Isto fainos dignos de simpatía e compasión apesares dos seus desvarios i os seus escesos. Os vellotes, co namoro, tórnanse aínda, e sin sabelo, máis vellinos. I o tornárense máis vellinos, morren. E o que compre. Enganados, ridículos e parvos merecen o voso respecto. Non convén outorgar moito creto ás bulras, nin ós lances choqueiros. Istes petrucios desorbitados encarnan, ó seu xeito e como Deus lles deu á entender, o antigo misterio da renacencia. Mais a ideia do renacemento da vida que escace e se vai, ten outra proxenie, lixeira ou tráxica, nas obras mellores do espírito e da cultura. E a «renovatio» que vai dende o que os «atenáicos» llaman o «aumentamento da persoa» deica as paisfoas prácticas máxicas que consisten en pasar ó traveso dunha vaca de coiro pra sair por ela transformado e rexuvenecido.

Compre, entón, meditar nista Farsa de levián alcance aparente. Nista Farsa que boxe se abre a vós na nosa língoa, na gracia i a nobreza das verbas que herdamos dos nosos pais e que é unha «representación» galega que empalma, con autenticidade i elegancia artísticas, ca líña das vellotas «representacións» europeas. A criatura humán xurde eiqú esquemáticamente en toda a forza da súa grotesca contradición. Estades diante do home desnortado, diante do home que cree en feitizos e matina nunha anovación imposible. Estades diante do goethiano «pequeno mundo de toleria» que soña con pantasma, sinte figuracións e loita dialécticamente co demo. Estades, cecáis sin supoñelo, diante dun mito: o bióscuro aldeán na percura do compañeiro inmortal e inatopábel.

Escoitade. Mirade i escoitade. Que a risa non estorbe o bó exercicio da intelixencia. E que a intelixencia non enfrie, pola súa banda, o gozo. O gozo de ver que temos, por fin, teatro noso con signo universal.

I o gozo de comprobar, unha vegada máis, que rapaces da Cruña, a tropa admirábel do noso Naveyra, fan de brazo dado con Daniel Castelao, obra de arte digna da nosa terra e digna do noso tempo.

D. García-Sabell

COMISIÓN DE FIESTAS DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO DE LA CORUÑA

OS VELLÓS NON DEBEN DE NAMORARSE
 FARSA - PASATEMPO MAXINADO POR CASTELAO PARA REGALIA DO POBO
 EN TRES LANCES CON UN PRÓLOGO E UN EPILOGO

P
L
A
Z
A
D
E
T

PERSOAXES

LANCE PRIMEIRO

O BOTICARIO, vello namorado que ten, ademais, a desgracia de chamarse Saturio . . . ENRIQUE TAYÓN

LELA, moza requentada na súa propia malicia . . . MARISA NAYA

O CARABINEIRO, catador de lupandás, disposto a unha nova vida . . . I. LUIS CARAMÉS

AS IRMANS DO BOTICARIO, catro ánimas do purgatorio, embrulladas en roupa negra . . . EULALIA GAREZAS
MARÍA VÁZQUEZ
LUISA LÓPEZ
VIUICA BEADE

A MORTE, o máis tirán de todos, disfrazado de mendicante . . . ANDRÉS REY

MULLERES, bacas con alférron.

LANCE SEGUNDO

DON RAMÓN, vella esposa, embebida en viño tipto remate de casta . . . CARLOS SEJO

OS PAIS DE DON RAMÓN, retratos que viven e falan . . . MERCHI FERNÁNDEZ
JOSÉ CASTIÑEIRA

MICHAELA, rapaza parafaxeira, de tonciños duros . . . LALITA TORRÓN

OPORTUGUÉS, malandao caador de lebras corridas . . . ANGEL FARISA

RAPAZ, fillo de raposa . . . J. LUIS CORRAL

DUAS MASCARAS, choqueiros estrafalarios . . . JUAN EDREIRA
ANICETO BARRÓS

DOUS ESPANTALLOS E UN SAPO, misterios na noite orballada . . . DARIO PÉREZ
LUIS CANEDO
J. RAMÓN MILLARES

MULLERES, abrollos de picardía.

LANCE TERCEIRO

PIMPINELA, rapaza bonita que tolea cos panos de coores . . . MARIKA PEDREIRA

A NAI, vella laqarteira, que non se avén coa probeza . . . HINA VARELA

O PAI, vellouán con cara de testigo falso . . . PEDRO AMIL

O MOZO, rapaz novo, na idade de sentirse galo do mundo . . . JUAN I. AMIL

SEÑOR FUCO, carcamán namorado, no seu derradeiro esforzo . . . PUCHO MARTÍZ

MULLERES, almas chuchadas pola marmuración.

O CORO, rapaces e rapazas que saben cantar . . . Colaboración especial da CORAL POLIFÓNICA - FOLLAS NOVAS.

Decorados: CLAUDIO
 FIGURINES: GARCÍA PATIÑO
 REALIZADOS POR MERCEDES NIÑO
 LUMINERENCIA: GALLART. EFECTOS SONOROS: JORGE MUIÑOS
 MAQUILLAR Y PELUQUERÍA: ACEA
 AYUDANTE DE DIRECCIÓN: JESÚS MOSTEIRO
 DIRECCIÓN Y REALIZACIÓN: ANTONIO NAVEYRA

14
 1961
 11 NOCHE

porque se pretenda establecer una competencia que sería estúpida, sino porque muchísimas personas que estuvieron en la Plaza de la Quintana estarán también hoy en el escenario coruñés a ver si, por fin, Castelao tiene suerte con su dichosa obra. Una obra que ha sido terriblemente discutida, pero que solamente la conocieron públicos muy reducidos de Buenos Aires y Santiago de Compostela.


Agarda tamén o cronista un gran éxito de asistencia: «Probablemente sea esta la noche de más concurrencia a los festivales organizados por nuestro Ayuntamiento...» E iso que era un luns, e ás once da noite, nada menos.

O grupo teatral da A.C.I.

A Asociación Cultural Iberoamericana (A.C.I.) fundouse na Coruña en 1951. Estes centros provinciais comezan a aparecer por estímulo do oficialista Instituto de Cultura Hispánica, creado en 1946. Unha visión crítica, case coetánea, sobre estas A.C.I. era a de Moreno Galván nos Cuadernos de Ruedo Ibérico publicados en París:

Luego estaba la Hispanidad. Lo que en los años del Frente de Juventudes había sido chillar por Gibraltar, se convertía en esos años más maduros en un concepto serio sobre la hermandad de los pueblos hispánicos. Se fundaron así, por instigación del Instituto de Cultura Hispánica, los ACI (Asociación Cultural Iberoamericana) provinciales, donde todos esos chicos de buena familia cultivaban el patriotismo plurinacional de la Cultura.¹²

12. Juan Triguero (José María Moreno Galván): «La generación de Fraga y su destino», *Cuadernos de Ruedo Ibérico*, nº 1, París, junio-julio 1965.



A entidade coruñesa colle pulo a partir da presidencia do poeta e intelectual Miguel González Garcés, que foi presidente durante máis de vinte anos, fundando o grupo de teatro dirixido por Antonio Naveyra Goday que se integraba dentro do que se denominaba Teatro de Cámara.

Unha ollada crítica do que representaban os teatros de Cámara naquel momento ofrecénnola Manuel Lourenzo e Francisco Pillado:

Aqueles eran tempos de Teatro De Cámara, un enxendro creado pola administración para pechar entre catro paredes e sistema de sesión única non comercializable, as inquedanzas que de todas maneiras xurdían. O «bon teatro» —a miúdo traducións ou a obra dun exiliado ou un proscrito— quedaba así perfectamente controlado e xerarquizado. Era cousa dun día, dun grupo reducido de idealistas para un grupo privilexiado de espectadores. Con todo, as fronteiras do Teatro de Cámara sobrepasábanse a miúdo. A Asociación Cultural Iberoamericana montaba no 60 o Don Hamlet, de Cunqueiro, ao que seguíu a obra de Castelao.¹³

Efectivamente o Don Hamlet estreouse na Coruña o 31 de agosto de 1959 e, pouco despois representouse en Lugo nas festas de San Froilán do ano 1959 (non no 60 como di a cita anterior). Un documentadísimo libro de Darío Xohán Cabana, «Cunqueiro e Don Hamlet en Lugo (San Froilán 1959)», editado polo Concello de Lugo no 2007, explica estupendamente e dá conta das circunstancias daquela montaxe e representación.

13. M. Lourenzo e Pillado Mayor, F.: *O teatro galego*. Edicións do Castro, 1979, páx 137.

Unha testemuña daqueles anos coruñeses de medo e sometemento, co idioma e a cultura galega nas catacumbas, o poeta de Noia Antón Avilés de Taramancos, diría anos despois:

Con el [reférese a Eumedre confundíndoo neste caso con Carlos Seijo], con Payón e Pucho Ortiz fixera-se a primeira representación na Galiza de Os vellos non deben namorarse. Logo, con Antón Naveira, puxeramos en escea (eu andaba de axudante e apuntador) o Don Hamlet de Cunheiro despois de mil voltas coa censura.¹⁴

A memoria xogáballe a Avilés unha mala pasada ao escribir este artigo, esquecéndose da representación de Santiago uns días antes e situando a representación do Don Hamlet logo da de Castelao, cando en realidade fora dous anos antes. Noutro artigo di que o «Don Hamlet» estreouse no Colón nos primeiros días de xuño de 1959. Sobre o director, a quen lle dedicou un artigo, («Era o que se di un señorito. Neste caso un señorito de Betanzos, que é peor»), di Avilés:

Xa Naveira levara ao escenario Os vellos non deben de namorarse por primeira vez na Galiza con Eumedre, Payón e Pucho Ortiz, grandes actores do seu tempo, forxados nos propósitos de Nito, e que fora capaz de pasar pola censura decindo que era unha obra de Daniel Rodríguez, autor descoñecido para as autoridades da alfándega cultural.¹⁵

Como vemos, Avilés esquece a estrea compostelá e volve a confundir a Eumedre co betanceiro Carlos Seijo. E, dende logo non sabemos se Naveira presentou a obra á censura como da autoría de Daniel Rodríguez, mais o certo é que aparece nos programas como de Daniel Castelao. Tampouco creemos que, logo da estrea compostelá e de todo o que esta deu que falar, non ficara claro para a censura quen era realmente o autor.

O director Antonio Naveyra

Antonio Naveyra Goday era fillo dun betanceiro e dunha compoñente da familia dos conserveiros Goday, con fábrica na Illa de Arousa. O seu pai era membro da familia Naveyra Pato, unha das máis importantes e podentes de Betanzos, cunha grande e céntrica casa na Porta da Vila e outras máis na cidade, ademáis de grandes propiedades en toda a comarca mariñá. Os Naveyra aparecen unhas veces con i grega e outras con i latina: Naveira. Nós imos respetar a forma con i grega, Naveyra, que foi a que adoptou Antonio (tamén coñecido como Antón) no eido artístico.

Nado en Compostela en 1909, cursa estudos de Dereito na Universidade de Madrid, licenciándose en 1933. En Madrid terá oportunidade de coñecer a García Lorca. Pasará logo a residir na Coruña, onde se dedicará ao teatro e ao folclore galego, falecendo en 1976.


Está aínda por facer a biografía deste home que tivo unha importante actividade no teatro e no folclore galego nuns tempos realmente difíceis. En Betanzos apenas é lembrado pola xente de idade como cobrador e administrador das rendas familiares.

Na Coruña dirixirá o grupo de Teatro de Cámara da Asociación Cultural Iberoamericana (A.C.I.) a finais dos anos cincuenta e comezos dos sesenta e, posteriormente, participará no Teatro Experimental Tespis, da Delegación provincial da Xuventude da Coruña.

14. Avilés de Taramancos, Antón: Obra viva. Edicións Laiovento, páx 23.

15. Avilés de Taramancos, Antón: Obra viva. Edicións Laiovento, páx 101.

Paralelamente desenvolve o seu labor no eido do folclore, participando na fundación da Agrupación Folclórica Aturuxo, creada na Coruña en 1955, que na súa primeira etapa «dedícase sobre todo á escenificación de costumes populares, baixo a dirección de Antón Naveyra Goday e con M^a Victoria Canedo como profesora de baile [...] Nos anos sesenta e comezos dos setenta, o grupo céntrase no baile e no canto tradicionais, con Antón Naveyra a cargo da dirección artística¹⁶.» Sobre estes temas publica na revista *Vida Gallega* algúns artigos: «El traje regional en las manifestaciones folclóricas» (nº 35, 1958), «El tan ansiado ballet gallego» (nº 38, 1958), «El baile regional y el ballet gallego» (nº 46-47, 1959). Tamén en *Lar*



Retrato de Naveira polo artista coruñés José Luis (en Lar, 1958) e fotografía publicada en La Noche o 17 de agosto de 1961.

– *Revista del Hospital Gallego* de Buenos Aires publica «O Alalá» (nº 296-7-8, 1958).

Naveyra era para o artista Claudio, autor dos decorados desta e doutras obras dirixidas polo betanceiro-compostelán, «el mejor director de teatro que tenemos en Galicia». ¹⁷ Segundo el, Naveyra xa pensara realizar a obra de Castelao oito anos antes desta estrea; en 1953, polo tanto. É dicir, no ano en que a editorial Galaxia publica a obra. Non acadaría daquela autorización para representala? Ou non pasaría Naveyra dos tanteos iniciais?. Porque unha cousa era a edición da obra, necesariamente minoritaria e reducida naquelas circunstancias e outra a representación pública na, daquela, primeira cidade de Galiza.

Actores na estrea da Coruña:

As personaxes principais, vellos e parella feminina, foron: Enrique Payón e Marisa Naya, como don Saturio e Lela, no lance primeiro; Carlos Seijo e Lalita Torrón, como don Ramón e Micaela, no lance segundo; e Pucho Ortiz e Marika Pedreira, como o señor Fuco e Pimpinela, no lance terceiro. Estes son os únicos citados na prensa coruñesa, aínda que Carlos Seijo aparece como Carmen Seijo, nun erro lamentable.

Afortunadamente contamos cun programa de man da representación, facilitado precisamente pola filla do betanceiro Carlos Seijo¹⁸, no que aparece o reparto completo da obra, cos nomes de todos os actores e mesmo dos responsables do atrezzo.

16 <<http://www.fegadanza.es>> [28-IV-2011].

17. «Al habla con Claudio, autor de los decorados de 'Os vellos non deben de namorarse», *La Voz de Galicia*, 15 de agosto de 1961, pág. 8. O artista, que só aparece co nome de pía na prensa e no folleto, era Claudio Varela de Cambre, autor do poemario *Pranto serodio* (Ed. do Castro, Sada, 1994).

18. Francisco-Carlos Seijo Rodríguez (Betanzos, 1924–1982), coñecido popularmente como «Carlines», foi un personaxe polifacético no eido cultural e artístico: locutor radiofónico, debuxante, fotógrafo afeccionado, rondallista, colaborador de prensa e radio, actor teatral, humorista... A betanceira «Rondalla

Así, como actores secundarios figuran no lance primeiro: J. Luis Caramés (O carabineiro); Eulalia Cabezas, María Vázquez, Luisa López e Vituca Beade (As irmás do boticario); Andrés Rey (A Morte). No lance segundo: Merchi Fernández e José Castiñeira (Os pais de D. Ramón), Angel Fariña (O Portugués), J. Luis Corral (Rapaz), Juan Edreira e Aniceto Barros (Dúas máscaras); Darío Pérez, Luis Canedo e J. Ramón Millares (Dous espantallos e un sapo). No lance terceiro: Fina Varela (A nai), Pedro Amil (O pai) e Juan J. Amil (O mozo). En total, vinte e catro actores nomeados. Ademais da Coral Polifónica Follas Novas.

A crítica

As reseñas que aparecen nos dous xornais coruñeses o martes 15 de agosto coinciden en criticar a lentitude da obra e a falla de ritmo.

A crítica de L. Paz en *La Voz de Galicia* anuncia no antetítulo «Buena interpretación, pero excesiva lentitud de la puesta en escena» e non dá información sobre o público asistente.

Amósase de primeiras cauteloso, xa que as súas características «confiere a la obra de Castelao un ser especial que no puede ser juzgado de acuerdo con las normas corrientes de la tragedia o de la comedia. La esencia de la obra de Castelao es poética y no dramática.» E pasa, logo, a amosar a súa opinión, que é bastante favorable:

El cambio de decoraciones, que contribuyeron a ambientar la obra correctamente, restó a la representación el dinamismo necesario para suplir la falta de acción de la obra. Esto y leves imperfecciones en la pronunciación de algunas palabras gallegas son las notas negativas. También es de notar que la aparición del coro en la última escena del último lance parece innecesaria, si bien el director debió realizarlo así para resolver en lo posible, conforme a las indicaciones del autor, la escena. Estas indicaciones no fueron seguidas, sin embargo, en la escena segunda del primer lance, en que el coro de boticarios fue sustituido por los efectos especiales.

La interpretación resultó en conjunto buena. Son de destacar en primer lugar los tres vellos, que dieron una versión ajustadísima de sus papeles, Payón, Carlos Seijo y Pucho Ortiz realizaron una labor perfecta. Lalita Torrón, Marika Pedreira y Marisa Naya estuvieron a la altura de los anteriores. Bien Andrés Rey en su papel de «Morte». Y el resto del no corto reparto colaboró en el logro. Un vestuario cuidado, una decoración acertada de Claudio, que con líneas sencillas y colores expresivos supo captar el espíritu de la obra, y la dirección de Antonio Naveyra, contribuyeron a la realización de la obra, a la que sólo faltó para que fuese un gran éxito: ritmo.

A crítica asinada por M.S.L. en *El Ideal Gallego* destacaba en titulares «Los actores tuvieron sólo una actuación discreta», discrepando co anterior, e que «El montaje de la obra acusa algunas deficiencias». Considera que a representación «Puede considerarse digna pero no afortunada».

Nosa», na que el tocou e dirixiu, leva dende a súa morte o nome de «Carlos Seijo» en homenaxe. Maíno dedicoulle á súa morte un artigo biográfico no *Anuario Brigantino* de 1982 do que entresacamos os datos relacionados co teatro:

Otra de sus facetas artísticas fue el teatro. 'Carlines' fue un actor teatral de gran categoría y, solamente su modestia y su apego a Betanzos, le impidió dar el salto a grandes empresas que le llevarían -sin duda alguna- a los más resonantes éxitos. Recordamos que, desde 1944, estuvo presente en todas cuantas manifestaciones teatrales se llevaron a cabo en Betanzos, siendo su presencia imprescindible. Actuó bajo la dirección artística de D. Vicente Castelo, Leandro Pita Lasantas, Manuel Pita Otero, Antonio Concheiro Caamaño, Antón Naveira Goday, etc. habiendo -también- dirigido obras en muchas ocasiones y actuando por toda Galicia y en Madrid.

Na interpretación -pese ao calificativo de discreta- destaca a Enrique Payón e Marisa Naya no primeiro acto e a Seijo (erroneamente chámalle Carmen en lugar de Carlos), Lalita Torrón, Marika Pedreira e Pucho Ortiz, nos outros dous. É dicir, aos actores principais. A Coral Follas Novas fixo un bo papel, aínda que «hubiera resultado mejor que lo realizaran fuera del escenario. Las ilustraciones musicales estuvieron, en nuestra opinión, fuera de lugar.» Coincide nisto, en parte, coa outra crítica,

En canto ás deficiencias sinala a falla de previsión, os frecuentes cambios de decorado. «Esto sólo conduce a que el público se pase la mitad de la representación contemplando cómo cambia la fisonomía del escenario, aunque en una parte tan pequeña que no merece tamaño esfuerzo.» O maior defecto foi a lentitude do desenrolo da obra «que llegó a ser tediosa».

E como acertos sinala a dicción galaica de todos os actores, boa segundo opinións recollidas, pois «el cronista está lejos de considerarse ‘una autoridad’». Isto considéao meritorio debido á situación lingüística que se sufría no país: «No olvidemos que el gallego, por imperativos que no cabe desconocer y pese a los laudables esfuerzos de insignes figuras regionales, no tiene aquí la importancia que el catalán, por ejemplo, posee en su marco geográfico.» Tamén considera que Naveyra, «en lucha constante con el limitado movimiento de la obra», acadara algunhas esceas boas como as deprecacións das irmás do boticario, o remate do lance segundo e un «bastante logrado» epílogo,

Segundo este crítico, á representación «no asistió demasiado público. Los espectadores rieron en algunos momentos las incidencias de la obra y aplaudieron algunas veces, aunque de modo reactivo.»

Caparrós tamén mollou criticamente a súa «Pluma de medianoche» uns días despois. Coincide cos anteriores na lentitude, destaca a interpretación e a decoración:

La devoción de Naveyra a los diálogos de Castelao fue también su principal equivocación al frente del Teatro de Cámara de la A.C.I. que estrenó la noche del lunes pasado «Os vellos non deben de namorarse» en La Coruña. Finalizado el primer acto, el mejor para mi gusto, de la obra, me permití una casi pequeña impertinencia. La de aconsejar al director algo que desde la butaca se notaba mejor que desde la tramoya.

—La obra la están haciendo muy bien —le dije—. Pero a un tiempo excesivamente lento. No se trata de correr, sino de darle ritmo a la oración. Por lo demás, todo está estupendo.

—Déjala así. Lo importante es que escuchen la obra —me contestó Naveyra, obsesionado por su propia veneración a la indudable calidad literaria de la pieza de Castelao. Y ahí estuvo su error, porque «Os vellos», a un ritmo más vivo —al fin y al cabo muchos de sus cuadros son híbridos de pantomima y «ballet»— se hubieran escuchado igual y hubiera ganado en fuerza y gracia expresivas.

Y, no obstante este fallo, la obra de Castelao tuvo una dirección impecable. Espléndido el movimiento escénico, la dicción —si excluimos el leve fallo de Don Ramonciño al llamarle «noche» a la «noite» nada más salir a escena— y la interpretación general, que fue de lo mejorcito que recordamos en compañías no profesionales.

Claudio hizo unos decorados espléndidos de sugestión y de vigor en la ambientación de cada cuadro. Fue una lástima que hubiera que ir cambiándolos en las mutaciones de la acción, porque todo ello, armonizado en un escenario común y fijo tan propicio como el de la plaza de toros, hubiera aliviado el único bache que tuvo esta versión de «Os vellos non deben de namorarse»: el de su lentitud. Porque se trata, desde luego, de una pieza literaria que está viva, ágil, dinámica en sus esencias expresivas.

E outra crítica veu dende Compostela, acompañada dunha fotografía de Naveyra. No xornal *La Noche*, un tal Víctor de Angueira comezaba dicindo: «No hubo suerte, tampoco, en La Coruña». Intenta facer unha análise ponderada: «Pasadas las veinticuatro horas precisas para el sedimento de las impresiones directas, conviene hablar algo de cuanto ha hecho Naveyra e incluso de lo que le quedó por hacer.» Mais axiña descarga abruptamente nas costas de Naveyra a responsabilidade da falta dun éxito rotundo da fallida representación, pois un director non pode verse sorprendido polos imponderables: «Ni siquiera siendo 'amateur'». Sen nomealo, a crítica compostelá parece defender a López Veiga fronte a Naveyra, deixando nun empate a pugna entre directores.

Os fallos para Víctor de Angueira resúmense no seguinte: «La representación duró 150 minutos, de los cuales 60, por lo menos, se dedicaron a cambios de decoración y a las mutaciones que exige la obra de Castelao, si se sigue su representación 'al pie de la letra'». Tamén considera, ao igual que os cronistas coruñeses, que no lance terceiro a aparición do coro «a cuerpo limpio» está fora de lugar. E no remate do lance primeiro cando vai ter lugar o cadro do pranto, o cambio do decorados obrigou a unha pausa de quince minutos «que echó por tierra todo el efecto anterior del diálogo del boticario con la Muerte.»

Aínda que os fallos, segundo el, tiñan xustificación (o gardarroupía non quixo acudir, deficiencias no movemento do telón ficando inutilizando o do segundo plano), iso ao público teno sen coidado «sobre todo cuando no está advertido».

En canto aos acertos, considera que o principal estaría en representar a obra en teatro cerrado, «suprimiendo esas aburridísimas esperas de colocación de decorados ante el público». Iso marcaría a diferenza entre o que foi e o que podería ser, así o que «estuvo a punto de ser una verdadera desdicha artística, se convertiría en un éxito apoteósico.»

Outro acerto considérao a interpretación: «Todos los personajes de la obra de Castelao encontraron idóneos intérpretes en el elenco de Naveyra. Los 'vellos', inmejorables, en Payón, Carlines y Pucho Ortiz. La 'Morte', en Andrés Rey. Las mozas en Marisa Naya, Lolita Torrón y Marika V. Pedreira».

Tamén os decorados son para o crítico outro acerto, pois «resultaron extraordinarios».

Atrévase, incluso, a propoñer unha variación na estrutura da obra ao considerar que o lance terceiro (o de Pimpinela) é sensiblemente inferior aos outros dous e que fai decaer o interese do espectador:

Pensando de un modo inteligente hay que convenir en que el lance tercero debe ser el segundo, y éste, el del borrachín don Ramonciño —maravillosamente interpretado por el brigantino Carlos Seijo— pasar a ser remate de la obra, con lo que enlazaría la extraña y macabra danza que rodea el final de don Ramonciño, con el epílogo, tan bien logrado por las huestes de Naveyra.

Como colofón considera que «Hay obra, hay actores, hay decoración, hay director... Falta, unicamente acoplar con talento todos estos recursos del teatro, que no son, precisamente, aburrir a golpe de martillo.» Remata Víctor de Angueira estimando o intento como un «ensayo general» de cara a unha representación «de verdad» que Antonio Naveyra acadaría algún día nun teatro cerrado.

Resulta curioso que a conclusión dos críticos das dúas representacións realizadas ao aire libre en Compostela e na Coruña, na procura dun público amplo e mesmo multitudinario para o teatro galego e en concreto para a obra de Castelao, fose que mellorarían moito nun espazo cerrado.